



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE XUÑO DO 2022

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o vinte e sete de xuño do dous mil vinte e dous, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Victor Manuel Rodríguez López e D. Manuel Rodríguez Martínez.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero.

Interventor: Manuel Vázquez Fernández

Non asiste a concelleira D^a Pilar Espinosa Novelle.

ORDE DO DÍA:

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 30 DE MAIO DO 2022.

Sométese a votación a acta do pleno de 30 de maio do 2022, aprobándose por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF).
Datas das Resolucións das que se da conta: do 25.05.22 ao 20.06.22.**



O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 25.05.2022 e o 20.06.2022.

PARTE RESOLUTIVA

3º.- MODIFICACIÓN DO PREZO PÚBLICO POLOS SERVIZOS PRESTADOS POLA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“ANTECEDENTES:

En data de 31 de decembro do 2021 publicouse no Diario Oficial de Galicia Nº 251 a Lei 18/2021, 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas que recolle no seu artigo 29 unha Modificación da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a cal establece as actuacións prevista para acadar a gratuidade nas Escolas Infantís de 0-3 anos.

A Lei 18/2021, modifica a Disposición Adicional Novena da Lei 13/2008, de 3 de decembro, en canto o seu Título establecendo “Actuacións para conseguir a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos” e lle engade un novo apartado sete a disposición adicional novena ca seguinte redacción: “Co fin de consolidar o obxectivo de interese público, por razóns de impulso demográfico e conciliación, de acadar a gratuidade da atención educativa nas escolas infantís de 0-3 anos, con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022-2023, estenderase o réxime establecido nesta disposición á matriculación do primeiro fillo ou filla da unidade familiar, de acordo coa regulación nela establecida para os distintos supostos que recolle”.

Na citada modificación establécese a gratuidade da atención educativa e matrícula nas escolas infantís de 0-3 anos con efectos económicos a partir do comezo do curso escolar 2022-2023 para todos os nenos e nenas usuarios destes centros con independencia do número de irmáns.

A propia Disposición Adicional Novena ao longo da súa redacción establece:

“(....)

2. Co mesmo obxectivo recollido no número anterior, nas escolas infantís de 0-3 anos dependentes das entidades locais que implantaran para a atención educativa un sistema de copago en cuantía equivalente á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, no caso de que



SECRETARIA

as indicadas entidades opten voluntariamente polo establecemento e aplicación, a partir da matriculación nelas do segundo fillo ou filla da unidade familiar, estes incluídos, da bonificación do 100 % establecida no número anterior, e así o xustifiquen, serán compensadas pola consellería competente na materia de servizos sociais nesa cuantía mediante a súa inclusión no sistema de cofinanciación de servizos sociais.

No caso de que as entidades locais implantaran para a atención educativa un sistema de copago en cuantía superior á derivada do réxime de prezos establecido pola Xunta de Galicia para as escolas infantís de titularidade autonómica, o importe da compensación regulada no parágrafo anterior só poderá alcanzar unha cuantía equivalente á derivada do aludido réxime de prezos, sempre que aquelas xustifiquen a aplicación da bonificación do 100 % da cuantía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias que se atopen en cada momento en vigor, e será a cargo das entidades locais a cuantía da bonificación no que exceda da cantidade compensada pola Administración autonómica, debendo consignarse nos orzamentos da entidade local as dotacións oportunas.

Aos efectos do disposto nesta disposición, respecto das entidades locais que opten pola aplicación da bonificación establecida, entenderase que existen razóns de interese público que permiten fixar a cuantía dos prezos públicos ou contraprestacións pecuniarias por baixo do límite do custo do servizo.

A medida establecida neste número poderá ter efectos económicos no curso 2020-2021 e ser aplicable directamente, sempre que os órganos competentes das entidades locais acorden o seu establecemento e aplicación, sen prexuízo de que deban proceder á adaptación da súa normativa sobre prezos ou contraprestacións en vigor ao disposto nesta disposición.

Para que sexa aplicable a compensación prevista neste número, as entidades locais deberán acreditar estar ao corrente no pago das liquidacións derivadas do réxime de cofinanciación regulado no artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación.(...)”.

Tendo en conta que historicamente este Concello ten actualizado as tarifas do prezo público polos servizos prestados pola gardería municipal en concordancia coas modificacións realizadas polos prezos públicos das escolas infantís de titularidade autonómica da Xunta Galicia, establecidos polo Decreto 49/2012, de 19 de xaneiro, polo que se aproba o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 dependentes da Consellería de Traballo e Benestar.

*Logo de comprobar os datos anteriores, **PROPONSE** ao Pleno adoptar o seguinte **ACORDO**:*

PRIMEIRO.- MODIFICAR o artigo 7 do PREZO PUBLICO POLOS SERVICIOS PRESTADOS POLA GARDERÍA MUNICIPAL quedando redactados do seguinte xeito:



ARTIGO -7- EXENCIONS

- a) *Ao neno ou nena para o que se solicitou a praza na Escola Infantil Municipal aplicaráselle o 100% de bonificación das cantidades correspondentes a cota de matrícula e a atención educativa segundo o establecido na disposición adicional novena de la Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servicios sociais de Galicia mentres a mesma estea en vigor.*
- b) *As familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán, así mesmo, da exención total da cota.*
- c) *Estes cambios se adaptaran a calquera variación normativa que adopte a Xunta de Galicia para o Curso 2022-2023.*

SEGUNDO.- *As devanditas modificacións publicaranse no Boletín Oficial da Provincia e entrarán en vigor o día 1 de setembro de 2022."*

Non se producen intervencións.

Sometido o asunto a votación apróbbase por unanimidade dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

4º.- MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 30/2022. APROBACIÓN SUPLEMENTO DE CRÉDITO NO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA 2022 FINANCIADO CON BAIAS POR ANULACION DOUTRAS PARTIDAS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcribe a proposta da alcaldía:

ANTECEDENTES:

Aprobado inicialmente en sesión ordinaria do Pleno deste Concello, o día 28 de marzo de 2022 o expediente núm. 17/2022 de modificación de créditos baixo a modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario por importe de 3.128.503,58 €, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería para gastos xerais, e definitivamente o 28 de abril de 2022 ó non terse recibido alegación algunha ó expediente, coa publicación no BOP de Lugo núm. 096, co seguinte detalle:

<i>ESTADO DE GASTOS</i>		
<i>APLICACIÓN</i>	<i>CONCEPTO</i>	<i>SUPLEMENTO DE CRÉDITO</i>
<i>133.210.00</i>	<i>Sinalización horizontal de vías</i>	<i>60.000,00</i>
<i>1532.600.00</i>	<i>Adquisición terreos</i>	<i>100.000,00</i>
<i>1532.619.03</i>	<i>Obras para actuación no Casco Histórico</i>	<i>1.103.440,00</i>



SECRETARIA

1532.619.04	Melloras Urbanas	320.115,30
165.623.00	Investimentos Alumeado	25.000,00
171.619,00	Mellora infraestruturas parques e xardins	130.000,00
342.619.00	Melloras instalacions deportivas	1.252.948,28
432.467.00	Consortio de Turismo	27.000,00
454.619.03	Melloras Rurais	50.000,00
920.227.06	Elaboración de Plans municipais	60.000,00
	TOTAL	3.128.503,58

ESTADO DE INGRESOS		
CONCEPTO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
870.00	Remanente Líquido de Tesorería para Gastos Xerais	3.128.503,58

A crise enerxética que estamos a vivir en Europa coa escalada do prezo da enerxía fai que todas as previsións que se fixeron á hora de redactar o orzamento municipal para 2022 non sexan suficientes para asumir os costes da electricidade do alumeado público municipal.

Vista a execución orzamentaria das partidas incluídas no expediente antedito existe a posibilidade de modificar o importe destinado a algunhas das finalidades previstas na modificación e destinar o crédito a financiar o incremento do custo da enerxía eléctrica do alumeado público.

Financiamento: Baixa por anulación do crédito nas partidas seguintes:

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DA BAIXA PROPOSTA
1532.619.03	OBRAS PARA ACTUACIÓN NO CASCO HISTÓRICO	420.000,00
		420.000,00

Suplemento: *O presente expediente de modificación orzamentaria mediante a modalidade de suplemento de crédito ten a finalidade de dar cobertura ás obrigas económicas que se desprenden dos seguintes expedientes:*

APLICACIÓN	CONCEPTO	IMPORTE DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO
165.221.00	ALUMEADO PÚBLICO. SUBMINISTRO DE ELECTRICIDADE	420.000,00
		420.000,00



SECRETARIA

Visto o anterior, propónse ao Excmo. Concello Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1) Aprobar o proxecto de modificación do vixente Orzamento, mediante a súa modalidade de Suplemento de crédito 30/2022 co seguinte detalle:

<i>APLICACIÓN</i>	<i>IMPORTE DA BAIXA PROPOSTA</i>	<i>IMPORTE DO SUPLEMENTO DE CRÉDITO</i>
<i>1532.619.03</i>	<i>420.000,00</i>	
<i>165.221.00</i>		<i>420.000,00</i>
<i>TOTAL....</i>	<i>420.000,00</i>	<i>420.000,00</i>

2) Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de Lugo polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinar o expediente e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaren reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que isto é debido ao incremento dos prezos da luz.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que son coñecedores desta proposta porque evidentemente hai que facer fronte aos gastos de luz, tamén valorar que terase que empezar a notar eses cambios de led, pero ademáis ao mellor, hai que facer un plan de aforro enerxético, hai que pensar, igual non é unha medida moi popular, facer ese plan de aforro enerxético polas parroquias onde realmente hai farolas que non están alumando a ninguén, porque non hai veciños. Ao mellor saber que durante a noite, ou horas que a xente non camiña polas distintas aldeas. Pódese facer porque hai moitos sitios que o alumado público non cubre esa función que debería facer.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifesta que dende Esperta entenden que antes de vir aquí e pedir unha ampliación de crédito, cre que se podería tratar de facer eses aforros enerxéticos, faláron de instalacións de paneis solares, pódese aforrar en alumado público en parroquias e en Monforte. Cando se falaba de baixar o IBI dicían que non, gustaríalle que é imprescindible si que é certo que o Concello podía facer algo máis que pagar e calar.

Intervén D^a Katherinie Varela manifesta que votar en contra de esta medida non se debe nin é responsable pola súa parte, se non se votan a favor porque non está moi



SECRETARIA

de acordo de onde quitan os cartops para poder facer fronte á suba dos impostos da iluminación urabna, do mesmo modo que non formaron parte do presuposto, expuxeron as súas opinións que non se tiveron en conta, sinala que o seu voto será unha abstención. Por outra banda, fala das subas de prezo, o que fixeron nun primeiro momento foron comentar con outros concellos, gustaríalle que en agrupación con outros concellos, intentar un tipo de contrato ou tarifa para que os concellos non tiveron este tipo de perxuízo económico. Di que non sabes se houbo unha falta de previsión por parte das entidades locais, polo tanto poden aprobar alegremente esta medida. En canto ao que din os compañeiros de apagar luces, en certos poboados, nos que están absolutamente vacíos, pero non saben que beneficio poderían levarse, é tempo que habería que pensar noutro tipo de enerxías. Polo tanto, a súa exposición é esta e o seu sentido do voto sexa a abstención.

Intervén o Sr. Alcalde disculpa a compañeira D^a Pilar Espinosa por atoparse de viaxe. Dille a D. Emilio que fala vostede de farolas que non alumana a ninguén, posiblemente sexa verdade, a luz para un so merece a pena telas encendidas. Fala vostede que non é popular apagar farolas, posiblemente non, pero o término popular sería máis ben do partido popular, o que si pode dicir é que algunhas xa se apagaron, as que a empresa que está facendo o traballo, que ademais é monfortina. Segundo lles comunica ao concello que hai farolas alumando en sitios privados automaticamente se apagan, había ben delas, eso non se pode continuar facendo, en terreo público todas, en privado non, non sabe como estaban así, nin lle preocupa dende cando. Esas son as luces que se apagaron. Dille a D. Germán o aforro do que se fala é evidente, se se pasa a lámparas led estase a falar dun aforro do 70% , cando se teña toda a iluminación pública cambiada a led terase un aforro do 70% e non so de consumo senón tamén de CO2. Vir aquí a dicir que apague farollas, digan donde, porque senón, apague vostede. Fala vostede de pedir un crédito, non se pide crédito ningún, o que se fai é cambiar dunha partida a outra partida, concretamente dos remanentes que se aprobaron na primaveira, unha partida para obras no casco histórico e de aí que se leve a cabo non dará tempo a gastalo este ano, de aí é donde se quita porque é razoable. Cando ás veces ven unhas luces encendidas nunha rúa , é que están reparando nesa rúa, porque teñen que telas encendidas para comprobar se funcionan, iso pasa en todos os sitios, hai que telas encendidas para saber o que estase facer funciona. Dille a D^a Katherinie que non sabe porque non están de acordo de onde quitan a partida, se as estas alturas non hai licitado no casco histórico, polo tanto é dun sitio onde se pode retraer parte dese crédito, para pagar as facturas da luz, non entende porque non é está de acordo. O presuposto é individual en cada Concello, polo tanto hai que correxir as contas en función das necesidades.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que é se alguén defende é a defensa do interior e do entorno rural, saben todos como funcionan as cousas, cando se fala de apagar as farolas non ten que porque ser toda a noite, co que se trata é de optimizar recursos.



SECRETARIA

Hai moitas destas farolas que no seu día, cando se levou a cabo a colocación do alumeadado público nas distintas parroquias daquela apagaron unha cuota cada veciño. Polo que tanto, cren que moitas desas bombillas habería que revisalas, buscar ese estudo e si se pode facer, que é optimizar recursos, cando a luz baixa pois volver a poñelas a funcionar.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez o que propoñen sería a metade de todas as luces das 7.000 luces, 3.500 apagadas dende as 2 da mañá ata as 7 da maña, se se ve que iso é moito, habería que ir mirandoo, iso non é unha cousa que teñen que dicir eles como facelas. Vostedes teñen técnicos, eles propoñen, sinala que non lle contestou ao dos paneis solares e despois destas cousas que di desas cousas que iluminaban seguro que o sabe vostede moito mellor que eles que leva 35 anos.

Intervén D^a Katherinie Varela di que cando lle comentou o da FEGAMP di que falan con toda a humildade posible, ven que é un problema que teñen todos os concellos, é a posibilidade das reunións que teñan se fale deste tema, para conseguir unha tarifa ou algún tipo de prezo, non saben con exactitude se está nun mercado libre ou regulado. Non saben se os concellos teñen esa capacidade, por iso comentaron o tema da FEGAMP para facer como unha medida de presión. En canto ao da abstención pola transferencia de crédito, obviamente vostedes diciden onde gastar os cargos, vostedes seguen co seu plan, o mesmo sucede co remanente, chegados a este punto, igual non lles parece o punto máis adecuado, però teñen liberdade para opinar, quedarse nunha mera abstención.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Emilio que cando se arranxaba unha viña o que facían os concellos eran poñer os materiais e os veciños poñían o traballo, nas rúas o que se facía era poñer un imposto por realizar esa rúa, pagaban os veciños unha parte da mellora da rúa, polo tanto iso era así, pero igual que se facían os camiños, as rúas, o alumeadado, todo iso era para cuestións públicas, non era para cuestións privadas, as privadas cada un ten que pagar a súa. Dille a D. Germán que vostede fala apagar a metade das luces, dito así, ten que ter o atrevemento de dicir onde se apagan, non sabe a que se refire ao das placas solares. Cando fala de 35 anos, di que el sabe o que leva dende o ano 2003, vostede está un pouquiño errado. Dille a D^a Katherinie que o se trata aquí é de responder a unha necesidade sobrevinda, cando se fixeron os orzamentos non había ese sprezo de enerxía, etá de acordo con ela no sentido de que ás veces pola economía de escala, se os organos que engloban a concellos, son capaces de alixerar contratos colectivos, máis baratos, por suposto el está de acordo.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría, con dez votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, e seis abstencións dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.



5º.-DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI O DÍA 28 DE XUÑO DE 2022.

O ditame é favorable á proposta, con nove votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG), e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Los seres humanos nacen libres e iguais en dignidad y derechos sin distinción alguna. Los derechos LGTBI son y serán siempre derechos humanos. Debemos traballar por un mundo de absoluta tolerancia, liberdade e igualdade.

El próximo 28 de junio se celebra el Día Internacional de Lesbianas, Gais, Bisexuales, Transexuales, Transgénero e Intersexuales; que conmemora en todo el mundo los hechos acaecidos en la noche del 28 de junio de 1969 en el pub Stonewall, situado en el barrio neoyorquino de Greenwich Village. Estos hechos dieron origen y son considerados como el catalizador del movimiento internacional por el reconocimiento de los derechos de las personas LGTBI y desde 1970 se conmemora dicha efeméride.

Este día nos recuerda la importancia de seguir construyendo sociedades más tolerantes que convivan en diversidad y promuevan el cumplimiento de los derechos vulnerados de las personas LGTBI.

Esta es una jornada para seguir movilizándose por una sociedad diversa y respetuosa con las diversidades de género, capaz de erradicar el odio y las discriminaciones; para seguir profundizando en la democracia y sus derechos

Debemos traballar por un mundo de absoluta tolerancia, liberdade e igualdade. Se ha avanzado, pero se necesita seguir en el empeño y eso requiere tiempo, esfuerzo y perseverancia, hay que denunciar la homofobia incluso si se presenta como diversión inocua o un trato cultural aceptado. Es discriminación y debemos como agentes responsables luchar contra ella y empeñarnos en lograr Ciudades libres e igualitarias.

Desde las Instituciones debemos asegurar la igualdad efectiva de todas las personas LGTBI y sus familias, como elemento esencial de una buena convivencia para el progreso y el desarrollo social.

Es nuestra obligación frenar los discursos del odio que desde hace algún tiempo se vienen escuchado, haciendo de muro para concienciar a la sociedad para que todas las personas sin importar su identidad u orientación sexual puedan ejercer, sin miedo y con respeto todas las facultades y derechos que les corresponden como



ciudadanos y ciudadanas de pleno derecho.

En este sentido en marzo del año pasado, el Parlamento Europeo aprobó una Resolución contundente donde se declara que la Unión Europea es zona de libertad para las personas LGTBI y que no se tolerará la retórica peligrosa y discriminatoria que impide que millones de ciudadanos y ciudadanas vivan libremente.

Somos los ayuntamientos, Diputaciones Provinciales, Cabildos y Consejos Insulares, instituciones más cercanas a la ciudadanía y garantes de una acción local clara por la igualdad y la defensa de la convivencia, con independencia de la raza, sexo, religión, opinión o cualquier otra condición o circunstancia personal o social

Por todo ello desde la FEMP:

- Invitamos a todas las Entidades Locales a adherirse a esta Declaración y nos sumamos en la defensa nítida del derecho a la plena igualdad, a la dignidad y al libre desarrollo de la identidad sexual y/o de género.*
- Mostrar nuestro compromiso de continuar en la promoción de actitudes y políticas que favorezcan la concienciación social para un efectivo cambio de mentalidad que erradique las actitudes LGTBIfóbicas y el rechazo a las mismas.*
- Creemos necesario tejer y conseguir amplios consensos para que se adopten las medidas necesarias, tanto legislativas como administrativas y de otra índole, para prohibir y eliminar el trato discriminatorio basado en la orientación sexual o la identidad de género en cualquier nivel de la Administración y mejorar así la legislación vigente.*
- Manifestamos nuestra especial preocupación por los múltiples casos documentados internacionalmente que ponen de manifiesto, aún hoy, la criminalización en algunos países de la homosexualidad y transexualidad, privación de derechos y discriminación legal, así como la impunidad de estos crímenes.”*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez sería bo que lean os acordos das propostas e no caso desta iniciativa da FEMP, tratándose do tema que se trata que dende o goberno se dera lectura dos acordos que van votar, se se quere dar visibilidade e que se cumpra o texto, gustaríalle que dende a concellería correspondente se lera os acordos.

Por parte do Sr. Alcalde procédese á lectura da proposta da FEMP.

Sometido o asunto a votación apróbbase por unanimidade, cos votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.



6º.- MOCIÓN ESPERTA MONFORTE RETIVA A DOTACION DE PISCINA OU PISCINAS PÚBLICAS AO AIRE LIBRE NA CIDADE DE MONFORTE DE LEMOS

Non se dictamina ao non estar presente o presentante da mesma.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Dotar de piscinas públicas ao aire libre a cidade de Monforte de Lemos sin deixar de traballar en mais e mellores proxectos de ocio relacionados coa auga”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Germán Vázquez dando lectura á moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifesta que dende o BNG xa trouxeron unha moción para dotar de piscinas públicas, non se falaba dunha zona de baño no río que sería fundamental, entende que é unha necesidade as piscinas públicas. No pasado mandato de que moitas das cousas non se fixeron porque a oposición non deixa, agora non llo impide ninguén. Fala que por mor da COVID-19 non se celebraron festas, entenden que era o momento para facer isto, vostede no pleno cando rematou o debate falou de que había un gran proxecto en mente e que se os veciños de Monforte lle daban a súa confianza o farían no seguinte mandato, evidentemente agora falta menos, e contestará o mesmo. Agora para este verán xa nada, e para o que ven quere pensar que tampouco, eles van votar a favor porque é unha necesidade e unha prioridade.

Intervén D^a Katherinie Varela di que este tema é moi manido nos debates desta Corporación. Repetir o que se leva repetindo diferentes mocións, instan ao concello para que haxa unha zona de baño na zona de Monforte, é repetirse no problema que hai co río de Monforte. o que sí teñen claro é que hai un río fabuloso que ás veces non teñen un estado adecuado a ninguén se lle escapan que hai verquidos por zonas centricas, cren que deben de facerse actuacións ao respecto. Fala de zonas de baños no río, sen ter que facer piscinas, que non son baratas, antes falaría do mantemento da piscina cuberta. Se todo se houbera feito nos derradeiros anos, gastar diñeiro na piscina cuberta, piscina nova, zona de baño no río, o estado no que etán certas zonas, en Vilanova e Piñeira, poderían adecuarse, falarán das competencias, sempre se pode falar. Xa que comentan dese megaproxecto, gustaríalle saber se ese proxecto inclúe rehabilitar o río para bañarse nel. O que está claro queda un ano do actual mandato, sería ideal que a estas alturas se solucionasen problemas que non se solucionaron. O que non se pode consentir que Monforte non ten zona de baño pública. Cren que é necesario porque noutros concellos con menos poboación si que existen piscinas públicas.

Intervén D. Ibán Torres vostede D. Germán Vázquez di que se pide respecto hai que empezar a telo cara os demáis. Si revisa vostede dende no ano 2021 as melloras que se fixeron neste Concello e nas parroquias. Sabe moi ben de todo o que se



SECRETARIA

dispón e todo o que queren facer, vostede deberá saber o custo das cousas, sabe vostede da nula axuda que ten este concello da Xunta de Galicia. Cando se emprega este tono, esas expresións tan soeces e grotescas, cando se fala así é simple e llanamente porque non hai outra cousa que dicir. Ben pouco traballo fai vostede e copiar o que traen outros con anterioridade. Reiterar a contestación que se lle deu a d. Emilio. Este alcalde presentou un proxecto para a construción para unha praia fluvial e non tivo ningunha contestación, xa se lles informou que o alcalde está traballando nun gran proxecto, porque é un proxecto que será unha realidade. Existen piscinas nas localidades contiguas, Sober, Saviñao, Partido Popular, Outeiro de Rei, Partido Popular, asinando un convenio coa Xunta. Fala vostede coa Xunta para que invirta nesta cidade. Fala de vostedes de piscinas privadas, entende que fala do Club Fluvial. O concelleiro número 11 decidido polos cidadáns. Todos intentan dar aos seus fillos o que eles non se tivo de nenos.

Intervén D. Jaime Germán dille a D. Ibán que o le transversal, o que hai que facer é ler a moción, a el este llo redactan e el o presenta. Non se escapen do tema, se queren pedirlle á Xunta pídánllas vostedes, vostedes 15 millóns de euros de presuposto. El non ven aquí a dicirlles nin a poñerlles deberes nin moito menos, Monforte non ten piscinas. Vostede estan priorizando gastar un 1,5 de euros para unha ponte de ferro cando o poderían haber gastado para piscina. Hai moitísimos verquidos ao río, eses vídeos circulan por todos os sitios, o río non vai limpo e a maiores temos un tema que non hai piscinas. Non todo o mundo ten a posibilidade de ir ás piscinas privadas, que lea se quere a moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez di que se volven a escoitar nesta cámara porque están de noraboa os veciños, porque di que dende o BNG están traballando nun gran proxecto. Os veciños lle diron confianza a vostedes si, e cando chegue o momento de explicar eses proxectos en campaña se fará. Por moito que faga a oposición os gobernos non o gaña a oposición, o perden quenes están gobernando.

Intervén D^a Katherinie Varela fala en relación ás inversións da Xunta de Galicia. Fala dun proxecto coa Consellería e nunca contestaron a iso para o saneamento, non digan que a Xunta non quere colaborar, proba delo é o rogo que non queren facelo. Di que eles teñen coñecemento de que queren instalar instalacións deportivas en Monforte, vostede non quere que veñan ninguén da Xunta para sacarse fotos doutro cor político, saben perfectamente que cando necesitan da Xunta de Galicia que se axilicen certos trámites, vostede cando quere si fala coa Xunta. Espera que agora non sigo co mantra que Feijoo non mira para Monforte. O que si teñen claro si que se presentaron cousas aquí, e se mirou para outro lado, sobre todo co tema do río do saneamento perdeuse esa inversión.

Intervén D. Ibán Torres vostede cando repita o que di aquí di que non o dixo, aquí di o señor alcalde o seu fillo e o voceiro, eso o di vostede, vostede non sabe o que é



SECRETARIA

un siloxismo. Lle parece moi inapropiado, sinala que el non socio do Club Fluvial onde a vostede non o quixeron facer presidente. Di que son máis ambiciosos do que pensa, a moción non a van votar a favor, porque é unha forma petulante.

Intervén D. Jaime Germán dicíndolle ao Sr. Torres que o volva ler, e efectivamente, se os cidadáns o votan a eles faran unha, dous o tres piscinas. Non lle admite que vostede lle diga este tema, se vostedes non queren facer unha piscina non a fagan, pero un ano e medio antes dicirque van facer un megaproxecto, vostedes o queren é chegar ao tema de auga no ano 2025, di que hai un río que vai “cheo de merda”, levan 40 anos gobernados por xente que nunca lles deu a gaña de facer, vaise acabar este mando sen facela.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que e mala educación é moi alta, dalle vergoña allea. Señoras do público, primeiro non podían estar aquí con eses carteliños porque o prohíbe a lei, será a última vez, este pleno non é para vir con pancartas, non fagan caso a todo que lle din, infórmense algo máis, na vida hai de todo. Non volvan vostedes a un pleno, porque entón suspende o pleno e desaloxa, non poden interferir nos debates nin a favor nin en contra dun concelleiro, aquí non vai valer todo.

Dille a D. Germán que lle recomenda que el xa non é nervioso e non ten motivos para estalo. En segundo lugar, vostede di que o río vai “cheo de merda”, o río é un río que ten unha presa, polo tanto ten auga estancada que ten plantas acuáticas, e se vostede vai ver o río en Lugo, o río Miño, en Ourense, verá que hai moitísimas plantas máis, agora este río se encauzou e se dragou o río, cando recuperar volve ao seu estado natural. Fala vostede da ponte, xa sabe que vostedes polos motivos que sexan que incluso falsificou unha foto dos Escolapios, cando ían falar da zona D, aparecían en negro, hai que ter mala fe, xa lles di que ese proxecto está contratado. Vostede xa sabe que lle gustaría que non avanzaran, pero avanzan, por iso din que cando os cidadáns os apoian, xa o dirán, eles cumpren. Fala de que esta cidade tivo unha ponte de ferro, queren recuperar a historia desta cidade. Aqueles que se queixaban que cando se fixo o Malecón. Di que el intervén porque llo permite a normativa, senón o faría. Os que agora lle din se pode cambiar o tráfico, pechar o tráfico na ponte vella, el quere poñer a ponte vella peatonal, pero non quitarlle servizos ós veciños, vostede que pensa que impacto diferente vai ter a ponte de ferro coa pasarela, hai que ser serios e saber de que se está a falar. O río non está de cheo de merda para nada, este goberno suprimiu puntos de verquidos ao río, que outros que gobernaron non o quitaron, a rúa Caneiro verquía toda a rúa, agora hai punto de bombeo, Aceña Nova, agora ten punto de bombeo e así máis, diga vostede quén fixo iso. Di que arranxaron varias zonas de saneamento, en moitos sitios e van arranxar máis, tocáralle ao Morín.

Dille a D. Emilio para agradecer o que dixo ao principio, unha intervención coherente e respectuosa. Proxectos dos que vostede fala non se fan en dous días, nin se consegue a financiación en dous días. Vostede sabe como el que no mandato pasado se trouxo unha proposta a este pleno para comprar o 50% da isla do Sierra



SECRETARIA

que falta, sabe que ocorreu que votaron en contra e estíbese falando de 7.000,00 euros, e dicían que era moi cara, iso está aquí non pleno, a realidade é esa, di que eles o intentaron no pasado mandato e votouse en contra. Hai que ser coherentes, se votan en contra dunha zona de baño pública, non pidan ao día seguinte que se faga. Dille a D^a Katherinie que di cada cousa, di que el sabe que D^a Ethel xa lle fixo unha xogada cando se fixo unha rotonda na zona do hospital, pide axuda para aconexión do porto seco coa N-120, fixo a xestión de que tiña razón, xa lle habían contestando, e ademais lle dicían que non podían autorizar, porque hai unha norma do 2003 cando o Sr. Aznar era Presidente, esa norma di que cando unha administración fai unha obra menor a menos dun kilómetro, ten que facerse cargo dela. Vostede fala dunha carta esa é falsedad máis gran que pariu madre, había un proxecto para facer unha depuradora en Santiago, e despois había que redistribuir eses cartos que eran da comunidade europea, se son para un fin non se pode cambiar, entón manda unha carta, e un dos concellos era o concello de Monforte, iso foi o que mandou, ela falaba de repartir os fondos. Di que eles pagan aproximadamente máis de 300.000 € por ano, sumado dende o ano 2012, canon que puxo o Sr. Feijoo, levase pagado 3 millóns de euros, non volveu para Monforte nin un so euro, incluso o concello pagou o 50% da depuradora do Porto Seco, é máis inda hoxe non teñen entregado as parcelas que lles pertencen ao concello, esa é a situación real, o acaban de enviar por escrito ao concello para modificar o planeamento.

Fala do concelleiro de deporte, na última visita que veu, nunha subvención dun marcador dixo que podería haber unha axuda para cuestións de piragüismo, e lle dixo que lle deixa a confederación nin dúbida ningunha, pero el da Confederación non quere saber nada. Fala vostede da cesión dun terreo na zona do hospital, o terreo que cedeu un terreo pequeno, non é do Sergas, ese terreo é da Seguridade Social está cedido á Xunta de Galicia, eles non o poden ceder porque non é deles. Fala de Feijoo, Feijoo chuleou a Monforte, o Sr. Feijoo pedíulle unha reunión en novembro do ano 2015, está rexistrado, aínda hoxe non contestou e llo dixo en actos que coincidiron, a raíz que foi elixido Presidente da Deputación, preguntoulle se lle ía pedir unha cita. O actual xa se viu con el, e xa faláron de cousas, aí se ve a diferencias entre unhas persoas e outras. Di que se piden cantidade de cousas á Xunta de Galicia, e sabe o seu resultado, Quitar ás veces convocatorias ata que se acaba o crédito, hai que ter un funcionario ás 12 da noite, como se sabe que ás 12 vai estar publicado unha convocatoria, ás 12:10 está acabado o crédito iso anti todo, non hai valoración. El non sabe cando se publica no DOG, a última que denegaron foi a que se pediu para acondicionar a nave de duquesa, dicindo que non acadaron a puntuación necesaria, iso é así, cre que a cousa está clara e si quería rematar lendo o último párrafo da moción de Esperta Monforte *“o señor alcalde, o seu fillo o o noso voceiro si seguisen os seus siloxismos non tiñan porque preocuparse polas piscinas públicas porque teñen piscina e agora ata praia”*.

Nin o alcalde nin o fillo nin o voceiro teñen praia, nin o alcalde nin o fillo teñen piscina. Deixen de insultar e dende logo se tiveran un pouquiño de elegancia non se meterían coas persoas.



Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría, con dez votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, e seis votos a favor dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

7º.- MOCION DO BNG SOBRE MELLORAS DO PERSOAL DO SAF

O ditame é favorable á proposta, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto-BNG) e oito abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, e que se someta á decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da moción:

“1. O pleno do Concello de Monforte reconece o gran traballo e a súa función esencial que desempeñan as traballadoras de Atención no fogar.

2. O pleno do Concello de Monforte insta a Xunta de Galiza que mellore as condicións dos contratos do SAF. Debe incrementar o prezo do servizo e que este incremento reverta en melloras para as familias e as condición laborais das traballadoras.

3. O pleno do Concello de Monforte insta á Xunta de Galicia a traballar, xunto coas empresas concesionarias e as organización sindicais, para que se garanta o cumprimento do Convenio colectivo de atención a domicilio de Galicia, aboando o 6,5% pactado no mesmo e mellorar substancialmente as condicións laborais das traballadoras de atención no fogar. Para dignificar unha profesión tan importante.

4. O pleno do Concello de Monforte insta ás empresas concesionarias do Servizo de Atención ó Fogar neste Concello, a cumprir co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial, sendo esta unha cuestión imprescindible para cumprir cos pregos de condicións para a contratación do servizo”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sanchez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Jaime Germán di que a eles lle é indiferente quen o faga se a Xunta ou o Concello. Poñer en valor toda a xente de atención no fogar.

Intervén D^a Katherinie Varela quería comentar unha cousa con respecto ás palabras do anterior pleno, dixo D^a Gloria que era moi valente cando non estaba o alcalde, o alcade non entra en debate e permitise a réplica, o que parece incluso cobarde, agora podería entrar en debate. O primeiro de todo reprochar a D. Emilio que é tal cual o que presentou a CIG. Gustaríalle que se incidise máis na obrigação dos concellos a hora do servizo de axuda no fogar. O servizo de axuda a domicilio comenza nos anos 40 no norte de Europa, e en España comenza no ano 1970 a través do Ministerio do Traballo porque os servizos sociais pertencían ao Estado Central. Coa creación dos concellos no 1979 e na lei de bases de rexime local se lle



SECRETARIA

atribue aos servizos municipais, é máis a lei de bases de réxime local na súa reforma do 2013, obrigaba a ser competentes nos servizos de axuda a domicilio. Isto é un pouco que é importante que o concello se implique no SAF, outra cousa é que a partir do 2013, á administración local se lle intenta liberar de certas competencias para evitar o seu endebedamento. Recentemente a FEGAMP asina coa Xunta de Galicia para incrementar o prezo que se lle ven pagando aos concellos, hai que ter en conta que o Estado ten obrigacións en financiar este servizo, a través da lei de dependencia, cre que as tres administracións teñen obrigacións de financiamento, o Concello cobra aos usuarios segundo a súa renda. A Xunta de Galicia teñen que velar no cumprimento dos convenios colectivos, o tribunal da Contratación pública de Galicia estimou unha demanda das traballadoras nas que se pide que no contrato se pida a subida. A Xunta non xestiona contratos do SAF o contrato do SAF o xestiona o Concello cando externaliza o contrato, cando fala de incrementar o prezo do servizo.

Intervén D. Ibán Torres dicíndolle a D^a Katherinie que trata de xustificar tanto a incompetencia da Xunta. Dille a D. Emilio que houbo diferentes informes técnicos para elaborar eses pregos, quere reiterar que son os sindicatos e a patronal son os encargados de negociar os convenios colectivos, igual chega o momento de meditar todos un pouco, que quen ten que negociar e facelo satisfactoriamente, igual quen dirixe todo isto, porque a obrigación do concello está moi claro, elaborar os pregos e o contrato e o cumprimento do mesmo. Polo tanto se fai ese cambio no punto votarán a favor.

Intervén D. Emilio José Sánchez dille a D^a Katherinie di que é unha moción que presenta a CIG, pues claro porque en definitiva é querer traballar para estes traballadores teñan unhas condición dignas. Cren que este contrato tería que ser de xestión directa, pero polo tanto estas empresas teñen que cumprir, que en moitas casos son abusivas, pero si no pasado pleno, viron na proposta da alcaldía, viña o incremento por debaixo de que agora mesmo está o convenio. O tribunal de contratación paralizou o tema, o caso é modificar e facer que ese servizo sexa beneficioso para todos.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que lle pide á Xunta de Galicia en mellorar as peticións das traballadoras, o concello fai o prego, pero se no prego fala do 2%.

Intervén D^a Katherinie Varela di que no punto número 2 non lle aclarou. A Lei de Dependencia di que o Estado debe facer a súa aportación, e non o está facendo. E agora volven locas ás empregadas coas competencias, vostede o que teñen que facer reclamar máis cartos para pagar ese servizo, o servizo o xestionan vostedes, vostedes teñen a obrigación de emitir un contrato conforme á Lei, gustaríalle saber que van facer con ese recurso do tribunal e lle da a razón ás traballadoras. Aquí se fala de que o convenio se aplique eles están a favor diso, pide que se aclare o segundo punto, si se refire a incrementar. Di que eles van apoiar a súa moción.



SECRETARIA

Intervén D. Ibán Torres dille a D^a Kahterinie que non dude de que eles van apoiar a que se cumpra o convenio e o contrato.

Intervén D. Emilio José Sánchez cando se fala de financiamento, falaba de que Galicia estaba no posto 13 de 17 en servizos sociais, o punto numero 2 quere dicir que Xunta de Galicia ten que legislar porque ten competencias. O Concello insta ás empresas concesionarias a cumprir o convenio. Alegráse que esta iniciativa concreta se aprobe por unanimidade, o que se trata é mellorar un servizo básico de servizo e o estatus das súas traballadoras.

Intervén o Sr. Alcalde fala de manipulación, é conveniente deixar claro que este goberno non privatizou o servizo de axuda no fogar, di que eles cando chegaron ao goberno xa estaba, este é o primeiro concurso que sacan, hai que mirar os tempos e ver quén o fixo, a eles non se lle pode botar a culpa de privatización. E logo di que lle pararon xudicialmente, o TACGAL é un tribunal de contratos, non é firme hai que ir a outro tribunal e se está estudiando por parte dos técnicos se é recurrible. E logo di D. Germán que nos pregos ía o 2,5 %, hai un informe económico que é o que di iso, en base aos presupostos xerais do Estado, que obriga a que o incremento salarial sexa o 2,5% no ano 2022. Falou vostede da Reforma Laboral que non ten nada que ver co IPC, en relación co que dicía D^a Katherinie Varela que non entra ao debate, pero hai unha cousa que debería saber, que o goberno pode expresarse por calquera dos seus membros. Cando falaba vostede de valentía D^a Gloria non se refería a iso, vostede dixo que estaba de festa, el estaba nun acto solemne dun director de cine de Monforte sobre a Ribeira Sacra e por iso el cre que tiña que estar alí, porque a Deputación concedeulle 100.000 euros, é conveniente que escoite. El non estaba de festa, ademais ese día, estaba nese acto, e despois estivo reunindo con varios membros do goberno para falar cousas importantes de Monforte. Cada un ten o medo que quere ou o que lle poñen. Falan das competencias, son das Comunidades Autónomas. Vostede D^a Katherinie dixo moitas burradas xurídicas, o que esta na lei é o que está na lei, ademais outra cousa na propia lei da Xunta de Galicia na lei 13/2008 do 3 de decembro, di claramente que a competencia é da Comunidade Autónoma. Sabe vostede como se chama o que se está a facer son competencias impropias é o que están facendo os concellos, o 55% está apòrtando a Xunta e os concellos o restantes, onde está autonomía local, se vostedes queren poñer unha competencia, páguena.

O Grupo municipal Socialista presenta unha enmenda á moción que sinala que no punto 4 figure “O Pleno do concello insta ás empresas concesionarias do Servizo de Atención ó Fogar neste Concello, a cumprir co Convenio colectivo vixente en materia de revisión salarial.”.

Sometido o asunto a votación coa enmenda presentada polo grupo municipal socialista, aprobouse por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do

Pleno da Corporación 27.06.2022



grupo municipal Socialista, dos Concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

8º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 31.05.22 (2) e 15.06.22).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

9º.- ROGOS E PREGUNTAS.

PREGUNTA DO BNG RE 9931 RELATIVA O PARQUE DO HOSPITAL

Valorouse desde o equipo de Goberno , cubrir sequera unha parte do novo Parque do Hospital?

Resposta o Sr. Alcalde que non sabe como tómalo. Hai pouco que os que agora andan coas firmas non querían o porque. Por certo non hai ningún cuberto en Monforte. agora están para facer o parque non está para cubri-lo. Dicar cousas que din ás veces, iso costa pouco. Quén instiga iso non debería utilizar nin as APAS. A mellor maneira é falar cun proxectista, a plataforma do parque novo do hospital e de 1.200 m2, algo máis, e o que din que para cubri-la área de xogo, tampouco se pode cubrir a ras, co que estase a falar de a prezo de hoxe e tirando polo baixo, cada metro cadrado anda en 200 euros, facendo cousas seguras pero moi sinxelas, non se poden poñer pilares por medio, teñen que columnas perimetrales, supera a 280.000 euros. Pero si van ser rigurosos cerca do 10% xa o costa o proxecto e a dirección de obra, 60.000, 00 euros, o importante que Monforte vai ter un parque como se merece aquela zona, non so vai ser para xogos do pequenos, senón para esparcemento das persoas maiores e para aparcamento e iso é o importante e agora se queren gastar outros 300.000 euros enriba do que custa iso, iso é unha prioridade? Cre que non hai que estar a todas as cositas que se moven polas redes e por riba utilizando as APAS. Non se vai cubrir porque non hai lugar.

ROGO DO BNG RE 9932 RELATIVO Á REDUCIÓN DO RUIDO NAS FESTAS PATRONAIS

Na busca de acadar a igualdade entre as persoas que asisten ao espazo feiral, se reduza o ruído das atraccións de 19 a 22 h.

Resposta o Sr. Alcalde que isto xa se viña facendo antes da pandemia, a poder ser haberá que mirar de poder ampliar de unha a dúas horas ese periodo de silencio, que xa lles parece un tempo prudencial, non comparten ata ás 10 da noite, e polo tanto é un ferial de festas, pero entenden que haxa dúas horas de apagón.

ROGO DE ESPERTA MONFORTE RE 9948 RELATIVO EXPEDIENTES ACADEMICOS DE BAC E MELLORAS NOTAS DE EBAU

Resposta o Sr. Alcalde di que vostede di que xa se tiña pensando fai anos. E logo porque non se fixo, di que eles non descartan nada.

PREGUNTA DE ESPERTA MONFORTE RE 9950

Visto o convenio entre o Concello de Monforte, o Colexio PP Escolapios de Monforte de Lemos e o Club Deportivo Calasancio para a cesión de horas do campo de fútbol, gustaríanos saber o coste total das obras que se farán no campo de fútbol do colexio?

Resposta o Sr. Alcalde que D^a Gloria non lle mentiu, outra cousa é que non lle contrestou o que vostede quere saber, nese momento non estaba pechado o custo total do proxecto. Di que este mércores vai dar os detalles.

PREGUNTAS PARTIDO POPULAR RE 10004

Preguntas “in voce” do Pleno de Maio. Fonte dos Chaos, porque non funcionaban correcta, din que xa esta arranxado.

Outra pregunta sobre a N-120 A sobre solicitude que se fixo .

¿ten pensado o equipo de goberno para mellorar o estado do río Cabe?

Resposta o Sr. Alcalde en relación co que di vostede de que o río que cheira, pois el di que non lle queixou ninguén, di que el viaxa bastante, non de festa, di que algo traballa, que se nota. Os ríos cando están sanos, teñen prantas acuáticas, iso non é sucio, aquí en Monforte di que eles intentaron limpar esas herbas e lles ameazaron de que lles abrían un expediente tanto da Confederación e a Xunta de Galicia, di que eles teñen competencia na beira do río. Quere agradecer a colaboración do Quixós, coas barcas fan unha labor importante cortando as herbas. Cando ten herbas non está contaminado.



¿Reparos de intervención 31 de maio de facturas de R. Cable, poderían indicar con máis detalle qué se factura exactamente en cada unha das facturas?

Resposta o Sr. Alcalde dando lectura a informe de intervención sobre a facturación de R. Cable, dicindo que na facturación do mes de marzo houbo un erro na facturación do mes de marzo incluíndose conceptos que non correspondían.

Resposta o Sr. Alcalde en relación coa N-120A, a situación é simple, no seu día a través dun convdno que asinou o Conello co Ministerio de Fometno se aceptaba unha axuda económica para realizar un arranxo e recibir a obra como propia, o que é a recta de Distriz, pero o curioso é previamente se había feito a ponte nova sobre o río Cinsa, alguén fixo outra cousa. Pero o problema é que aceptasen ese convenio a entrega da N120A aceptaba a recepción dunha ronda urbana que aínda está sen construír, dende a rotonda da rúa Ourense ata a N-120, iso está no convenio, senón que esa aceptación dese ben é competencia do Pleno, pois iso non se trouxo ao pleno. O que pide foi regularizalo, incluso se pode aceptar que a recta quede como está, que non lle gustar que quedou perigosa, pero dar por recibida unha estrada que non existe, o que se está a facer é intentar correxilo.

ROGOS PARTIDO POPULAR RE 10071

Resposta o Sr. Alcalde, dicindo que no tema de piragüismo fala que agora mesmo se fixo unha caseta nova no parque dos Condes. En relación co tema da feira, todos os Concellos teñen un lugar de almacen, donde se meten os postes da luz que se poden reutilizar, o fresado que se utiliza despois, se almacena aí, iso non é ningún lixo.

Remata a sesión sendo ás dez horas e trinta e sete minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE